

PLAN DE XESTIÓN DO SITIO UNESCO DA CIDADE VELLA DE SANTIAGO. PROPOSTAS DA AV A XUNTANZA

Valores do sitio

- É un conxunto urbano diverso, historicamente ecléctico pero orgánico.
- Dous focos principais: a catedral e o Camiño, que fan da cidade un referente na historia europea e na súa espiritualidade. Ten asociados, por isto, determinados valores culturais.
- A capitalidade histórica de Galicia fai da cidade núcleo irradiador de tendencias ao longo da historia e foco de atracción tanto de galegos como de foráneos.
- É cidade cosmopolita e integradora.

Riscos

- A dicotomía casco intramuros/barrios
- A despoblación humana e económica.
- O monocultivo turístico
- A perda de identidade, tanto da cidade como do sitio Unesco; isto é algo que se ve en:
 - desprezo cara a súa preservación (que non se ten en conta desde a opinión pública ao proponse obras ou uso dos espazos)
 - falta de identidade como cidade, en relación á súa historia
 - falta visión de conxunto do sitio e o seu legado (o exemplo mais claro foi a proposta de intervención no Parque de Belvís/Casa da Xuventude, con valores patrimoniais descoñecidos pola poboación e os seus gobernantes).
 - Escasa sensibilidade tanto na veciñanza como nos políticos, pois non se apreza como patrimonio a preservar aquilo que non é monumental.

- Homoxeneización da actividade comercial e empresarial tanto no perfil como na aparencia dos negocios.
- Petrificación crecente da cidade= so' e' patrimonio aquilo que está construído en pedra, quedan fora os espazos, urbanismo, parques, a diversidade construtiva, etc.
- Non se percibe como risco a crecente agresión do tráfico rodado; de feito é percibida como negativa toda a mobilidade blanda.
- A crecente homoxeneización que leva á monumentalización dos espazos públicos populares (os dos barrios), leva a que en xeral non se conserve a diferenza nas casas, rúas, espazos... entre as distintas zonas da cidade que existiu historicamente.
- A crecente desaparición da arquitectura do s. XX nos espazos adxacentes ao perímetro do plan Especial, fai que desapareza non só a faciana antiga dos barrios senón tamén a transición entre o antigo e o novísimo.
- Cada vez máis se entende o sitio Unesco como algo restrinxido á zona intramuros

Obxectivos que debería buscar o plan de xestión

Igualdade

Das persoas, independentemente da súa condición e idade:

- no uso e acceso aos espazos públicos => accesibilidade
- na integración:
 - debe haber espazos públicos de calidade para todos e todas, independentemente da súa idade ou o uso que fai deles.
 - O discurso de cidade que ten que integrar a todos e todas
 - No sentimento cara aos elementos identitarios
- Participación na toma de decisións que afecten aos espazos e actividades

Dos territorios:

- Igualdade centro/barrios en:
 - acceso a espazos públicos de calidade
 - mantemento
 - condicións da vida cotiá: tráfico, ruído, vibracións
 - apoio e facilidades á apertura de negocios
 - construción do discurso histórico, debe estudarse e divulgarse non só a historia do centro, senón tamén a das periferias
 - Na posta en valor do patrimonio
- Deben ter os servizos que faciliten a vida das persoas e atraer a novos residentes:
 - sanidade
 - cultura
 - educación
 - socioculturais
- Oportunidades económicas
 - Desenvolvemento dunha actividade turística sostible
 - Apoio ao tecido económico presente e futuro, primando servizos de proximidade
 - Artesáns e outras actividades económicas tradicionais que foron expulsadas do centro histórico polos prezos dos alugueiros deberían poder volver.
- No acceso aos valores do sitio UNESCO:
 - Sensibilizar sobre o conxunto patrimonial, tamén o presente na periferia e non só o relixioso senón tamén o civil.
 - Transparencia e accesibilidade aos datos históricos procedentes de estudos e intervencións arqueolóxicas=> divulgación
 - Recuperación para o conxunto da cidadanía dos espazos da cidade vella; posta en marcha de procesos que permitan que a xente común volva a identificarse coa súa cidade e co seu legado.

Outra gobernanza, baseada no compromiso social e a implicación persoal:

- Outra gobernanza, baseada en:
 - sensibilización
 - acceso á información
 - transparencia dos órganos e técnicos que deciden (comisión asesora e consorcio)
 - participación
 - estímulo ás iniciativas cidadás
- Os valores do sitio UNESCO como centro das políticas
 - políticas de conservación claras e ben coñecidas pola cidadanía
 - equilibrio entre a dinamización económica e a conservación
 - os valores UNESCO como elemento fundamental da identidade social
 - O patrimonio como eixo básico dun turismo de calidade
 - Esfuerzo permanente pola divulgación dos valores e legado
- Apoio aos axentes sociais presentes
 - Marcos estables de colaboración e participación
 - Identificación dos colectivos vulnerables como o comercio tradicional ou as persoas maiores; desenvolvemento de políticas específicas de soporte.
 - Identificación dos novos axentes: emprendedores, perfiles de residentes
 - Estímulo das iniciativas comunitarias
- Fortalecemento da identidade
 - Busca dunha mellor cohesión social e dunha apropiación social tanto dos espazos como do discurso do sitio UNESCO
 - Espazos permanentes de difusión, divulgación da outra historia, a das persoas comúns como xeito de ir xerando novos discursos.
 - Recuperar o orgullo da compostelaneidade

Rexuvenecimento da poboación e a vida

Este aspecto precisará seguramente ter en conta e incluír zonas periféricas ao sitio UNESCO como sería a zona de Quiroga Palacios, o corredor Galeras-Vista Alegre ou o barrio da Almáciga pois comparten servizos e son zonas residenciais que darán masa crítica aos negocios e servizos.

Isto só se conseguirá cando “mole” vivir na zona vella e barrios adxacentes.

- Busca da comodidade
 - tráfico pacificado e seguro
 - accesibilidade en rúas e vivendas
 - iluminación axeitada
 - humanización do espazo público (bancos, axardinado, zonas de xogos infantís, Wcs)
 - Identificación dentro do colchón exterior (Galeras, Concheiros) de zonas axeitadas para prover servizos (aparcamento, negocios que precisan máis superficie); promover e apoiar iniciativas públicas ou privadas que os leven a cabo.
 - Transporte público adaptado, incluso baixo demanda para as persoas que o precisen.
- Xerar espazos públicos de calidade que sexan máis
 - humanos
 - Accesibles (sustitución dalgunhas escaleiras por ramplas, desaparición da chapacuña en beirarrúas, etc.)
 - Informados (instalando sinalizacións patrimoniais ou de mobilidade)
 - Pacíficos (ruídos, luz).
 - Alegres (a petrificación deshumaniza).
- Dinamización do tecido económico
 - apoiar o comercio existente
 - favorecer a implantación de novos negocios no sitio UNESCO e proximidades; ten que haber unha normativa clara e coñecida.

- Atraer negocios compatibles coa vida veciñal (obradoiros e comercios artesáns, oficinas)
- apoio ás iniciativas turísticas respectuosas (unha marca de calidade?)
- Desenvolver entre os negocios existentes, sobre todo nos do sector turístico, pautas de responsabilidade social empresarial tanto para cos seus traballadores/as como para a contorna na que desenvolven a súa actividade.
- Crear e poñer en marcha pautas claras de convivencia negocios/veciñanza
- Reducir a crecente homoxeneidade económica da zona intramuros e protexer a diversidade que aínda existe na periferia (moratoria turística ata a Pastoriza e Avda de Lugo).
- Favorecer a implantación de negocios de proximidade
- Fixar poboación e atraer novos/as veciños/as:
 - servizos modernos: internet de calidade, sistemas de calefacción eficientes e económicos.
 - Preferencia absoluta nas prazas dos centros escolares e escolas infantís próximas
 - Acceso prioritario a outros servizos públicos próximos: centro de saúde, equipamentos deportivos, etc.
 - Facilitar a implantación de servizos para familias xóvenes, ben de iniciativa pública ben privada (ludotecas, escolas infantís); ben nesas zonas colchón da periferia ben no propio sitio UNESCO (identificando usos posibles).
 - Sentar as condicións para que sexa posible traballar e vivir no sitio UNESCO e a súa contorna
 - Ordenación dos fluxos turísticos para que sexan compatibles coa vida veciñal
 - Buscar unha demografía diversificada: vivendas públicas para xente nova e vivendas públicas adaptadas para maiores (apartamentos sociais).

- Vixilancia ante o desenvolvemento de procesos de xentificación e control/limitación dos que xa están en marcha a través da disponibilización de vivendas e locais de negocio.

Outras políticas patrimoniais son posibles

- Sensibilización
 - para unha correcta sensibilización é precisa outra filosofía, centrada na aprensión social dos feitos e valores históricos.
 - Outro tipo de sinalización, non descritiva do que xa se ve senón interpretativa e divulgativa
 - Inserción transversal de contidos e valores patrimoniais nas políticas culturais e educativas
- Posta en valor do conxunto do patrimonio, non só do petrificado
 - Comunicación do outro patrimonio: parques históricos, arqueoloxía, historia cultural...
 - Identificación de sitios complementarios con valor histórico no patrimonio material e inmaterial da cidade como o Hospital Gil Casares, festas, espazos singulares como Hortas ou Belvís. Hai bens patrimoniais en toda a cidade.
 - Difusión dos resultados das investigacións.
 - Divulgación xeral dos bens e valores a protexer, interpretándoos e explicándoos.
- Preservar a integridade e autenticidade do sitio UNESCO
 - Guías para propietarios de establecementos e vivendas con pautas de mantemento ou obras novas, xestións administrativas a desenvolver, etc.
 - Creación de novos focos de atracción con valor patrimonial: mellorará a percepción que a poboación ten do legado e axudará a diseminar o impacto do turismo.

- Recuperación dos negocios tradicionais de Compostela (artesanías) e proxectalos en espazos de exhibición (por exemplo, na curtidoría de Belvís).
- Evitar a banalización mellorando a formación dos guías turísticos e mellorando a aparencia da cidade (cartelaría comercial).
- Recuperar a oficina de rehabilitación como referente visible.

Todo isto, aplicado ao barrio de San Pedro

A dinámica centro/periferia

Aínda que boa parte do barrio pertence ao sitio UNESCO, esta circunstancia non é percibida pola cidade e pola veciñanza como tal; en todo caso, entendese como unha carga a soportar. Isto sucede tamén noutras zonas fóra da muralla. Nós vemos que isto podería amortiguarse con:

- Unha correcta sinalización dos elementos patrimoniais, que sexa interpretativa e dirixida á veciñanza non aos turistas.
- Ampliación á periferia dos programas como A pedra que pisas ou co deseño de programas novos que se apliquen ao conxunto do territorio do Plan Especial.
- Cando menos aquí, unha pacificación do tráfico rodado, que suliñaría o carácter patrimonial das rúas.

O Barrio

- Espazos públicos de calidade
 - Pacificación do tráfico
 - Humanización (bancos, xardineiras, varandas para os maiores...)
 - Espazo público amigable cos maiores: barandas, bancos, pavimentos cómodos, alumeados, accesibilidade no acceso ao centro de saúde...
 - Transporte público adaptado (pequeno tamaño)

- Catálogo de materiais a excluír nas obras como a chapacuña das beirarrúas ou os latros rústicos nas rúas de convivencia.
 - Limitar a “monumentalización” do que historicamente foi un territorio do cotiá e das xentes; esa historia diferente ten que se reflectir tamén no espazo público.
 - Substitución do alumeado tradicional ornamental por outro máis eficiente, a poder ser conservando a estética.
 - Ten que ser posible vivir e traballar a pé: identificación de oportunidades de aparcamento permanente para residentes (rúa do Canteiro, Triacastela, parcela ao carón do Conservatorio)
 - Eliminación de barreiras no acceso aos servizos públicos (escaleiras de Triacastela e Bispo Teodomiro, rutas de acceso ao Centro de Saúde).
 - Inclusión plena do Parque de Belvís no plan Especial e non só como espazo verde senón tamén como espazo con relevantes valores patrimoniais que é necesario preservar.
 - Deseño dun plan integral de recuperación da valgada de Belvís (sinalización, mobiliario, arranxo de accesos, posta en valor da súa historia). Este espazo, non integrado plenamente no plan especial actual perdeu toda a súa identidade.
 - Ampliación até a Avda. De Lugo /Rodríguez de Viguri da zona de protección, para poder xestionar o conxunto do barrio dun xeito máis global e homoxéneo e poder preservar parcelas e baldíos que podan acoller servizos comunitarios para o barrio e para o conxunto da zona do Plan Especial.
-
- O desafío demográfico
 - Reducir o impacto do envellecemento:
 - Poñendo facilidades para que as persoas maiores non marchen: apoio á vida no domicilio propio, facendo das rúas espazos cómodos para eles/elas.

- Creando aparcamentos de residentes que despexen as rúas para que podan ser usadas polos seus cuidadores, servizos, etc. Porque non prazas reservadas a cuidadores/as de dependentes?
- Promover políticas de servizos e comercios amigables con eles.
- Un centro social xestionado por eles que axude a súa implicación na vida do barrio e en proxectos interxeracionais (CSC da Trisca?).
- Atraer nova veciñanza
 - Barrio amigable para familias: preferencia na escola infantil de San Roque e no CEIP Santiago Apóstolo. Nenos e nenas teñen que medrar no barrio en que viven.
 - Promover e apoiar servizos para familias: escolas infantís, ludotecas, unha pequena biblioteca de barrio
 - Políticas activas de apoio aos negocios de proximidade e de servizos, tanto no sitio UNESCO como na contorna (resto do barrio); servirán tamén como estímulo a novos residentes.
 - Acceso á vivenda: pautas claras e coñecidas para a rehabilitación, apartamentos en alugueiro para xente nova e para maiores, reactivación dos da Ameixaga.
 - Recuperación do programa de arranxo de edificios en ruínas para convertelos en vivendas de alugueiro.
- Dinamización económica
 - Para evitar a turistización, ampliar a moratoria de establecementos turísticos á rúa dos Concheiros, pois os mellores locais comerciais están virando cara esta actividade, privando oportunidades a comercio e servizos de proximidade.
 - Normas claras e coñecidas para a rehabilitación dos locais comerciais, flexibilidade.

- Ten que existir un itinerario claro desde a concepción da idea de negocio ata a apertura do establecemento a respecto dos trámites administrativos, sobre todo os referidos a adaptación do local.
- Pulo aos negocios de proximidade e aos que podan servir como colchón destes porque atraen traballadores á zona (consultorías, xestorías, novas industrias...). Por exemplo, creando na periferia (rúa do Home Santo) un parque de locais en aluguer, algo tipo viveiro virtual.
- Os negocios e servizos de proximidade son a clave da demografía.
- Posta en valor do patrimonio
 - Profundización dos traballos de investigación da historia da zona que é pouco coñecida. A principal consecuencia é a falta de sensibilidade sobre o pasado e o seu legado e intervencións pouco apropiadas como a da Casa da Xuventude (a vella e a que se pretendía).
 - Mellor información histórica dos proxectos urbanísticos
 - Identificación dos elementos patrimoniais conservados, sinalización interpretativa.
 - Programa para que nas escolas do barrio se traballe o patrimonio e a sensibilización arredor del.
 - Posta en valor da historia do Parque de Belvís, cun programa de estudo e difusión; mesmo convertendo a curtidoría das Trompas nun espazo interpretativo.
 - Nas obras en espazos públicos, instalar obrigadamente sinais informativos sobre os achados dos traballos arqueolóxicos e as razóns patrimoniais que inspiran as intervencións.
 - Redefinición /reclasificación/individualización das características do patrimonio construído do barrio. Temos a impresión de que existe unha crecente uniformización das nosas rúas debido en parte aos criterios de rehabilitación que se aplican. Moitas das nosas casas son do século XX (anos 20-50) e perden parte da súa aparencia nas

rehabilitacións ou -cando é o caso- nas reconstrucións, armandose fachadas en pedra ou galerías do tipo tradicional que non concordan co seu aspecto anterior e desvirtúan un pouco a esencia do barrio. É unha impresión, pois nos non sabemos disto, pero igual convén revisar os criterios que se aplican.

- A gobernanza
 - Maior transparencia e participación na toma de decisións que afectan ás intervencións nos espazos públicos.
 - Presenza dun técnico nomeado polas asociacións veciñais nos órganos asesores do Plan Especial.
 - Deseño colaborativo de plans a curto e medio prazo para arranxos de rúas, labores de mantemento...
 - Mellor esforzo informativo sobre as normativas, axudas, responsabilidades...
 - Establecemento de mecanismos áxiles de comunicación da cidadanía coa administración tanto para realizar consultas como para efectuar denuncias.
 - Implantar criterios de transparencia cara a cidadanía a respecto do Consorcio: plans anuais de rehabilitacións, criterios cos que se elaboran, obxectivos a medio e longo prazo... é necesario explicar con claridade cal é a súa función e competencias.
 - Plans de transparencia da actividade construtiva e rehabilitadora e dos criterios de uso dos espazos públicos.

Outros:

- Visto desde o barrio, consideramos conveniente ampliar o territorio do Plan Especial ata a Avda de Lugo, como xa se dixo; desde logo, desde o punto da xestión parécenos ben axeitado. Non se trataría dunha figura urbanística senón administrativa.

É o colchón natural dos perímetros en canto a servizos, actividade económica etc., e habería que telo moi presente á hora de xestionar as políticas sociais e económicas da zona. Outro tanto sucede na zona de Galeras, pensamos, e igual conviría pensalo un pouco a nivel xeral.

En Quiroga Palacios, Concheiros, Home Santo hai bos pisos e locais comerciais nos que poden asentarse familias xovenes e novos emprendedores que non atopan acomodo na zona do Plan Especial por tamaño ou prezo pero que funcionan como un soporte fundamental do comercio en San Pedro.

Nesta liña vimos traballando desde hai anos, na medida das nosas posibilidades, e vai dando resultados: hai máis familias novas, crecemento do número de menores de 5 anos, novos negocios e un comercio de proximidade que zafou mellor que noutras zonas da cidade a crise recente. Deste pequeno repuntar beneficianse tamén as rúas integradas no Plan Especial.

A inclusión destas zonas na xestión do sitio UNESCO permitiría deseñar para elas políticas específicas, por exemplo, na accesibilidade interior dos edificios, apoios aos novos emprendementos ou de alugueiros para xente nova ou familias.

- Outro aspecto que convén avaliar é a conveniencia de xestionar urbanísticamente na súa integridade desde o Concello as rúas afectadas polo sitio UNESCO do Camiño, cando menos as mais integradas na trama urbana como sería, no noso caso, Concheiros e a rúa do Home Santo; a convivencia de 2 criterios urbanísticos diferenciados está xerando bastantes problemas na tramitación de expedientes de rehabilitación e reconstrución. É tanto lío que hai xente que desistiu de facer melloras.
- E finalmente un pequeno problema que pode afectar a todo isto de decidir a creación da zona colchón: temos serias dúbidas sobre a legalidade da última delimitación feita pola Xunta do trazado do Camiño Francés, que crea dúas alternativas ao chegar á entrada de Concheiros. Unha vai por Homa Santo-

Angustia e a outra polos Concheiros. Tras moito pelexar coa Xunta sabemos que:

- non hai datos históricos que apoien ese cambio; fíxose o cambio sen que conste no expediente razonamento científico de ningún tipo.
- non pasou polo trámite de exposición pública previo á súa aprobación.

Isto fai que, en calquera momento, unha denuncia poda paralizar calquera proxecto que se faga nestas rúas. De feito nos estamos pensando na posibilidade de reclamar a súa reversión ao estado anterior.